

Tel.: 981 71 40 00

Fax: 981 71 50 28

E-mail:

CIF: P1506900H



concello@ponteceso.net

REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE EMPREGO PARA POSTOS DE TRABALLO DE FUNCIONARIOS INTERINOS TÉCNICOS/AS DE MEDIO AMBIENTE, GRAO MEDIO, SUBGRUPO A2.

En Ponteceso, sendo as 9.20 horas do día 31 de agosto de 2022, na Biblioteca Municipal de Ponteceso, comparecen os membros do Tribunal que xulga o proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego para postos de funcionarios interinos, técnicos/as de medio ambiente, grao medio, Subgrupo A2.

Constitúese nesta data e hora o tribunal nomeado pola resolución da alcaldía núm. 591/2022 de data 12-08-2022, asistindo os seguintes membros:

Presidente: D^a. Lucía Mata Rodríguez, interventora do Concello de Ponteceso.

Secretario: D. Emilio Caínzos Quintás, técnico de A.X. do Concello de Ponteceso.

Vogais:

D^a. María Lourdes Isasi de Zaragoza, funcionario de carreira do Concello da Coruña.

D. Jesús Fernández Díez, funcionario de carreira do Concello da Coruña.

A convocatoria e bases do proceso selectivo aprobáronse pola resolución núm. 460/2022, de 28-06-2022, publicándose no BOP núm. 12 de 04-07-2022, e pola resolución 591/2022 de data 12-08-2022 aprobouse a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, ao presetarse reclamacións pola resolución 619/2022 de data 24-08-2022 aprobouse a definitiva.

En primeiro lugar o tribunal procede a elaborar o cuestionario tipo test correspondente ao primeiro exercicio, composto de 50 preguntas e 6 de reserva, o cal consta de catro respostas alternativas debendo os aspirantes sinalar a correcta. Cada resposta correcta puntuarase a razón de 0,20 puntos, sendo a puntuación máxima de 10 puntos. As respostas incorrectas penalizarán a razón de cada tres incorrectas 0,20 puntos, igual a unha correcta. Os aspirantes para superar este exercicio deberán acadar a puntuación mínima de 5 puntos, sendo excluídos os que obteñan unha puntuación inferior. Para salvagardar a confidencialidade os aspirantes non asinarán o exercicio, nin porán o seu nome, apelidos ou calquera outra marca que poidera identificarlos, sendo excluídos aqueles que poñan calquera sinal identificativa, para ilo entregaráselles un sobre en branco e no interior introducirán un folio co seu nome, apelidos e DNI e ao remate pecharán e coserán ao exáme. O tribunal en acto público ao remate da corrección procederá á apertura dos sobres unidos a cada exercicio para identificar a cada aspirante.

Sendo as 10.20 minutos procédese ao chamamento dos aspirantes admitidos, presentándose os seguintes:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	PRESENTADO
1	BERNAL JUY, CAROLINA	***9481**	NON
2	ESCUDERO ROLDOS, CARLOS	***7879**	SI
3	FERNANDEZ QUEIRO, MARIA CARMEN	***2786**	SI
4	LIJÓ POSE, GABRIEL	***3500**	SI
5	MARTINEZ LEMA, HELENCA	***3855**	NON
6	MONTES MARTINEZ, IAGO	***9463**	SI
7	REDONDO SOUTO, JOSE LUIS	***1283**	NON
8	SALVADOR LOPEZ, LETICIA	***5720**	NON
9	VARELA IGLESIAS, JOSE ANTONIO	***1177**	SI

Ás 10.36 minutos comézase o primeiro exercicio, dispoñendo os aspirantes de 90 minutos para desenvolver o exercicio.

Tel.: 981 71 40 00

Fax: 981 71 50 28

E-mail:

CIF: P1506900H



concello@ponteceso.net

REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Pontevedra (A Coruña)

Ás 12.06 horas remata o tempo outorgado, e o tribunal procede á avaliación dos exercicios. Ás trece horas procédese en acto público á apertura dos sobres unidos a cada exercicio para identificar a cada aspirante, obtendo os seguintes resultados:

FASE: OPOSICIÓN			
Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CUALIFICACIÓN 1º EXERCICIO (Cuestionario-Test)
1	ESCUDEIRO ROLDOS, CARLOS	***7879**	2,60 NON APTO
2	FERNANDEZ QUEIRO, MARIA CARMEN	***2786**	3,60 NON APTA
3	LIJÓ POSE, GABRIEL	***3500**	2,80 NON APTO
4	MONTES MARTINEZ, IAGO	***9463**	8,00 APTO
5	VARELA IGLESIAS, JOSE ANTONIO	***1177**	1,20 NON APTO

O tribunal acorda a data de realización do segundo exercicio aos aspirantes declarados aptos, o cal se celebrará o día 8 de setembro, ás 10.00 horas, na Biblioteca Municipal de Pontevedra.

Os aspirantes disporán de tres días hábiles para presentar reclamacións ou alegacións á cualificación do primeiro exercicio.

Sendo ás 13.10 horas do día 31-08-2022 remata a sesión, redactándose a presente acta, que asinan os membros do tribunal.

Polo tribunal,
A presidenta

Lucía Mata Rodríguez

Os vogais

María Lourdes Isasi de Zaragoza

O secretario

Emilio Caínzos Quintás

D. Jesús Fernández Díez